



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDI VISUAL 2021-2022

Profesores/as: Ana Belén González García e María Teresa Candal Devesa

IES nº 1 de Ribeira



Avda da Coruña 170
RIBEIRA(15960)
Tfno: 881866904
Fax: 881866913



1. Introducción e contextualización

1.1. Introducción

- a. Educación Plástica, Visual e Audiovisual..... 10
- b. Debuxo Técnico 12
- c. Marco legal 14

1.2. Contextualización

- a. Características do Centro 16
- b. Características do alumnado 16
- c. Equipamentos e servizos do Centro 17
- d. Características do departamento
 - Relación do profesorado e disponibilidad horaria..... 19
 - Reparto dos grupos 20
 - Aula de Educación Plástica e aula de Debuxo Técnico..... 21
 - Material do Departamento 21
 - Libros de texto..... 22

2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial	23
3. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.....	25
➤ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA	
4. Contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ó desenvolvemento das Competencias Clave.....	26
5. Concreción de obxectivos por curso.....	28
➤ 1º ESO. 1º ciclo de ESO. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	
6. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais	37
7. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	47
8. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
• Criterios de avaliación.....	65
• Criterios de cualificación	67
• Criterios de corrección	75
➤ 3º ESO. 1º ciclo de ESO. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	
9. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais	76
<u>•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º ESO non adquiridos no curso 2020/2021</u>	

10. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	85
11. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
• Criterios de avaliación.....	106
• Criterios de cualificación	108
• Criterios de corrección	116
➤ 4º ESO. 2º ciclo de ESO. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL	
12. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte dos perfís competenciais	117
<u>•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º ESO non adquiridos no curso 2020/2021</u>	
13. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	124
14. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
• Criterios de avaliación.....	144
• Criterios de cualificación	147
• Criterios de corrección	154
➤ ASPECTOS CUMÚNS A TODA A ESO	

15. Concrecións metodolóxicas	156
16. Materiais e recursos didácticos	161
17. Plan de reforzo e recuperación.....	163
18. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	165
19. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	168
20. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	169
21. Medidas de atención á diversidade	170
22. Concreción dos elementos transversais	171
23. Actividades complementarias e extraescolares.....	173
24. Contribución ao Proxecto Lector	174
25. Contribución ao Plan de integración das TICs.....	176
26. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	176
27. Información e publicidade.....	178
➤ BACHARELATO	
28. Contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ó desenvolvemento das Competencias Clave	178

29. Concreción de obxectivos por curso.....	180
➤ 1º BACHARELATO. Debuxo Técnico I.	
30. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais	183
• <u>Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º ESO non adquiridos no curso 2020/2021</u>	
31. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	191
32. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
• Criterios de avaliación.....	214
• Criterios de cualificación	216
• Criterios de corrección	223
➤ 2º BACHARELATO. Debuxo Técnico II.	
33. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais	225
• <u>Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º ESO non adquiridos no curso 2020/2021</u>	
34. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	232
35. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
• Criterios de avaliación.....	251

• Criterios de cualificación	254
• Criterios de corrección	261
➤ 1º BACHARELATO. Debuxo Técnico I. (EPA)	
36. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais	263
<u>•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º ESO non adquiridos no curso 2020/2021</u>	
37. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	271
38. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
• Criterios de avaliación.....	294
• Criterios de cualificación	296
• Criterios de corrección	303
➤ 2º BACHARELATO. Debuxo Técnico II. (EPA)	
39. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais	305
<u>•Estándares de aprendizaxe imprescindibles correspondentes a 1º de bacharelato non adquiridos no curso 2020/2021</u>	
40. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.....	313
41. Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado	

• Criterios de avaliación.....	332
• Criterios de cualificación	334
• Criterios de corrección.....	341
➤ ASPECTOS CUMÚNS A TODO O BACHARELATO	
42. Concrecións metodolóxicas.....	343
43. Materiais e recursos didácticos	347
44. Plan de reforzo e recuperación.....	349
45. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente	350
46. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentas.....	353
47. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.....	354
48. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	354
49. Medidas de atención á diversidade	355
50. Concreción dos elementos transversais	357
51. Actividades complementarias e extraescolares.....	358
52. Contribución ao Proxecto Lector	359

53. Contribución ao Plan de integración das TICs.....	359
54. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora	360
55. Información e publicidade.....	361
56. ANEXO I. Rúbricas e listas de control	362
57. ANEXO II. PLAN DE CONFINAMIENTO	373

1. Introducción e contextualización

1.1. Introducción

a. Educación Plástica, Visual e Audiovisual

A enseñanza obligatoria contempla a Educación Plástica, Visual e Audiovisual como motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes. Estas son fácilmente transmitibles e chegan a cidadanía a través dos medios de comunicación, constituíndo un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade, podendose converter nun medio de manipulación do pensamento das persoas. Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración dos menxaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poda acadar un criterio propio.

Na educación Primaria, o desenvolvemento das capacidades perceptivas, creativas e expresivas expóñense dun xeito global, nunha área integrada por contidos procedentes de distintos ámbitos. Na educación Secundaria pódense adquirir destrezas e facer análises máis particulares e específicas. Deste xeito a educación plástica, visual e audiovisual, organízase como unha materia independente.

A percepción visual é un proceso cognitivo relacionado co resto dos procesos cognitivos, que implica un conxunto de estratexias básicas: seleccionar, analizar, distinguir, relacionar, etc.. Aínda que todas as áreas do currículo desenvolven a capacidade de observación do alumnado, a educación plástica, visual e audiovisual incide especificamente no desenvolvemento da percepción e no pensamento visual. A creación de imaxes e o coñecemento dos códigos que interveñen neste proceso, así como dos fundamentos da linguaxe plástica, visual e audiovisual, axudarán ao desenvolvemento da capacidade creativa e imaxinativa da persoa á resolución dos procesos da creación artística.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual debe contribuír a desenvolver dous aspectos fundamentais da formación, estreitamente relacionados entre sí: a percepción e a representación, saber ver e saber facer. Os eixos que vertebran este

currículo representan dúas cuestións fundamentais para a adquisición das capacidades que se pretenden: ensinar a ver, ensinar a representar.

Saber ver implica valorar o contínxente da información visual e a análise crítica da realidade. Implica tamén a necesidade de educar na percepción que supón ser cápaz de valorar criticamente unha información visual e mesmo chegar a conclusións persoais de acordo cunha escala de valores propia.

Saber facer implica a acción de investigación tendente á produción artístico-creativa e a realización de representacións expresivo-comunicativas, propiciando a adquisición de capacidades creativas. Saber facer implica a necesidade de educar no deseño, planificación, produción e creación de mensaxes icónicas, que supón ser cápaz de expresarse utilizando códigos propios das linguaxes visuais.

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, no cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes coma en ningunha outra época da historia da humanidade.

A materia de Educación plástica , Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada a educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de " Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística".

Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial incapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas a imaxe.

No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplicanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños.

No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpóranse o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

b. Debuxo Técnico

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar gráficamente con obxectividade dun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus

proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupándose en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque dedicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos par simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo

principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosquejos, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

c. Marco legal

Legislación estatal

- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria y el bachillerato.
- Orde ECD/1361/2015, de 3 de julio, por la que se establece el currículo de Educación Obligatoria y Bachillerato para el ámbito de gestión del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, y se regula su implantación, así como la evaluación continua y determinados aspectos organizativos de las etapas.
- Lei orgánica 3/2020 do 29 de Diciembre (LOMLOE).

Legislación autonómica

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 13 de xullo de 2016 que amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de Educación secundaria obrigatoria e de bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Resolución do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a **implantación**, no curso académico 2016/2017, do **currículo** establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular da CIUG de 1 de outubro de 2018 pola que se regula a proba ABAU no curso 2018-2019.
- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Instrucións do 31 de agosto 2020, polas que se incorporan a declaración de actuacións coordinadas en materia de saúde pública aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública (D.O.G. nº 174 bis do 28-08-2020) e a actualizacións das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contexto da Covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.
- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 versión 16-09-2020.
- Real Decreto-ley 31/2020, de 29 de setembro, por el que se adoptan medidas urgentes en el ámbito de la educación no universitaria.

1.2. Contextualización

a. Características do Centro

O I.E.S. Nº 1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servicios sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

Os centros adscritos ao IES son o CEIP de Palmeira e o CEIP O Grupo.

No Centro impártense os seguintes ensinos:

- ESO
- BACHARELATO ENSINO ORDINARIO (Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais)
- ESA
- BACHARELATO ENSINO DE ADULTOS (EPA)
- ALFABETIZACIÓN DE ADULTOS
- FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA (Centro asociado)(impartido no CFIP Coroso)

As instalacións son compartidas pola ESCOLA DE IDIOMAS en horario de tarde.

b. Características do alumnado

A comunidade educativa está formada por:

- Profesorado: o Claustro é relativamente estable xa que unha maioría de profesores teñen destino definitivo no centro.
- Familias: fundamentalmente de clase traballadora, e nunha alta porcentaxe traballan tanto os pais coma as nais.
- Alumnado: hai tres grupos claramente diferenciados de alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe:
 1. Alumnado con leves problemas de aprendizaxe.
 2. Alumnado con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.
 3. Alumnado con problemas de adaptación social escolar.

O alumnado de ESA e EPA ademais das dificultades de aprendizaxe, ten en moitos casos problemas derivados da súa situación laboral e familiar, como por exemplo a dificultade de conciliación horaria.

c. Equipamentos e servizos do Centro

- Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios...Consta ademáis, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica. Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.
- Todas as aulas con ordenador, canón e internet.
- Aula de informática equipadas con ordenadores con acceso a Internet.

- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet.
- Aula de música.
- Laboratorios de : Física, Química e Ciencias Naturais.
- Aula de Debuxo Técnico, aula 103 (con 9 ordenadores alumnos, ordenador do profesor e canón).
- Aula de Educación Plástica, aula 003 (con ordenador e canón) e con acceso a Internet.
- Departamento de Orientación.
- Dos titorías.
- Sala de Reunións.
- Secretaría.
- Dirección e Xefatura.
- Sala de profesores equipada con 6 ordenadores e unha impresora.
- Aulas para Departamentos, a maioría compartidas, equipadas con ordenador e/ou impresora por Seminario.
- Aula de Convivencia.
- Salón de actos cun aforo duns 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.
- Pavillón polideportivo.
- Conserxería Servizo de reprografía e informática.

- Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.
- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías...etc.
- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín con estación meteorolóxica e portal cuberto.
- Almacén.
- Baños.

d. Características do departamento

- **Relación do profesorado e dispoñibilidade horaria**

O departamento de Plástica do IES Nº 1 esta formado este curso 2020-2021 por: Ana Belén González García profesora de Ensino secundario con destino definitivo no centro e Xefe de Departamento e María Teresa Candal Devesa, profesora interina de Ensino secundario. A coordinación farase na reunión de departamento semanal.

Horas do Departamento	Nº grupos	hor./grup.	totais
1º ESO Ed. Plástica Visual e Audv.	3	2	6
3º ESO Ed. Plástica Visual e Audv.	3	2	6
4º ESO Ed. Plástica Visual e Audv.	1	3	3
1º BACH. Debuxo Técnico I	1	4	4
2º BACH. Debuxo Técnico II	1	4	4

1º BACH. Debuxo Técnico I EPA	1	4	4
2º BACH. Debuxo Técnico II EPA	1	4	4
Totais			31 h.

- **Reparto dos grupos**

Dna Ana Belén González García

Materia	Curso	Nº grupos	hor./grup	Totais
Debuxo T I	1º BACH	1	4	4
Debuxo T II	2º BACH	1	4	4
Debuxo T I EPA	1º BACH	1	4	4
Debuxo T II EPA	2º BACH	1	4	4
Totais				16 h.

Dna María Teresa Candal Devesa

Materia	Curso	Nº grupos	hor./grup.	Totais
Ed. Plástica	1º ESO	3	2	6
Ed. Plástica	3º ESO	3	2	6
Ed. Plástica	4º ESO	1	3	3
Ingles	1º ESO	1	3	3
Totais				18 h.

- **Aula de Educación Plástica e aula de Debuxo Técnico**

A regulación dos aspectos técnicos relacionados cos requisitos que deben reunir as instalacións docentes, está establecido no Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico de edificación, fixando, entre outros requisitos, unha ocupación de 1,5 metros cadrados por persoa nas aulas, e 5 metros cadrados por persoa nos espazos diferentes as aulas como laboratorios, talleres, ximnacios, salas de debuxo, etc.

No caso deste departamento, contamos cunha aula de Plástica de 104 m², situada na planta baixa (aula 003) e outra de 51 m², (aula 103), situada na primeira planta, aula de Debuxo Técnico. Se facemos unha sinxela división utilizando o módulo anterior temos que a capacidade das nosas aula é: $104/5 = 20$ e $51/5 = 10$ alumnos.

- **Material do Departamento**

- Libros de técnicas de pintura, grabado e escultura, así como libros de consulta nos armarios das aulas de Plástica.
- Libros de texto recomendados para consulta.
- Cabaletes de pintura e escultura.
- Tórculo de Gravado e material propio de gravado.
- Modelos de yeso para debuxo.
- Ordenadores do profesor e canón nas dúas aulas e 9 ordenadores para o alumn@ na aula da planta 1ª.
- En 1º ESO, contamos co PROXECTO EDIXGAL.
- AULA VIRTUAL.

- Películas e Cómics recomendadas.... que versan sobre artistas da pintura, escultura e arquitectura.
- Fotocopias.
- Material de pizarra para Debuxo Técnico.
- Material propio para pintar, debuxar, de reciclaxe (periódicos, revistas) para collage, barro para modelar e para debuxo técnico.
- Outros materiais.

- **Libros de texto**

1º ESO. PROXECTO EDIXGAL e como libro de consulta temos: Educación Plástica, Visual e Audiovisual de Isabel Rodríguez, Inmaculada Soler, e Elisa Basurco, da editorial SM.

3º ESO. Libro de consulta, temos: Educación Plástica, Visual e Audiovisual de Isabel Rodríguez, Inmaculada Soler e Elisa Basurco, da editorial SM.

4º ESO. Como libro de consulta, temos: Educación Plástica, Visual e Audiovisual de Inmaculada Soler, Isabel Rodríguez, Leoncio Rodriguez e Elisa Basurco e da editorial SM.

1º Bacharelato. Como libro de texto , temos: Dibujo Técnico 1 . edebé on, proyecto global interactivo da editorial edebé. ISBN 978-84-683-2120-2.

2º Bacharelato. Como libro de texto, temos: Dibujo Técnico 2 . edebé on, proyecto global interactivo da editorial edebé. ISBN 978-84-683-1725-0.

2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial

Como consecuencia da pandemia COVID-19, que forzou o peche das escolas no terceiro trimestre do curso 2019-2020, o ensino tivo que ser impartido a distancia nese trimestre. Isto puxo en evidencia unha fenda dixital entre o alumnado, e mesmo entre o profesorado, que propiciou a desigual aprendizaxe causada por motivos alleos ao ámbito académico.

O alumnado foi avaliado en base ao traballo desenvolvido nos dous primeiros trimestres, os presenciais, e o traballo feito a distancia no terceiro trimestre só foi tido en conta se o favorecía. Así, houbo alumnado que, tendo xa acadado o aprobado tralas dúas primeiras avaliacións, decidiu non seguir traballando no terceiro trimestre.

No curso 2020-2021 atopámonos, polo tanto cunha situación singular: houbo materia non impartida no curso anterior que houbo que integrar nos contidos dese curso e houbo alumnado con perfis moi diferentes de aprendizaxe, polo que na programación tivemos moi presentes os contidos e competencias traballadas, adquiridas e non adquiridas no curso académico precedente.

Polo tanto, neste curso 2021-2022 teremos tamén en conta estes precedentes.

Como o desenvolvemento deste curso é imprevisible, dependendo da evolución da pandemia do COVID-19, esta programación terá en conta tres posibles escenarios:

- **Escenario (1)- Actividade lectiva presencial**: a evolución da pandemia permite que a actividade educativa se leve a cabo de maneira presencial nos centros, pero mantendo a distancia interpersonal como medida de prevención para evitar contaxios.
- **Escenario (2)- Actividade lectiva semipresencial**: unha combinación do escenario (2) e (3).
- **Escenario (3)- Actividade lectiva non presencial**: a evolución de la pandemia impide o desenvolvemento da actividade educativa presencial nalgún momento do curso 2020-2021 debido a algún rebrote da enfermidade que obrigue de novo

confinamento ou confinamentos cirúrxicos (de aula, niveis, centro, poboación...).

Este curso, comezamos de forma presencial, pero na programación teranse en conta os tres escenarios posibles, xa que non sabemos como será a evolución da pandemia ao longo do curso e é posible que nun mesmo curso vexamos os tres escenarios.

Nos escenarios (2) e (3) pode ocorrer que unha parte do alumnado non poida seguir a ensinanza telemática, ben por falta de conexión ou falla de equipamento, polo que xunto co resto do profesorado que lle imparte ensinanzas, o equipo COVID, a dirección do centro, e incluso Servizos Sociais e Consellería de Educación, valorarase cal é o mellor modo de proveer o dereito á educación a ese alumnado en cada caso: entrega de material fotocopiado, de material informático, etc. Respecto aos mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso por este alumnado con problemas de conexión, dependerá de cada caso, polo que se decidirá no seu momento cal é o máis axeitado.

Dende o inicio do curso, este departamento empregará a plataforma AULA VIRTUAL do centro, tanto para achegar contidos ó alumnado como para publicar, entregar e cualificar as tarefas. Desta maneira, ante unha posible suspensión das clases, tanto os profesores coma o alumnado estaremos familiarizados co seu uso e aproveitamento.

Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia

No caso de que se produza unha suspensión das clases, estes serán os recursos e a metodoloxía coa que traballaremos:

- Uso do AULA VIRTUAL no que se publicará de xeito regular cada tema da materia, cos séus correspondentes contidos, recursos e tarefas, indicando o prazo de entrega destas últimas.
- Uso do FORO DE NOVAS do AULA VIRTUAL e creación dun FORO DE DÚBIDAS, xa dende o inicio do curso, como canle principal de comunicación co alumnado para o planteamento e resolución de dúbidas.
- Uso do correo electrónico Gmail coma canle de comunicación paralela e auxiliar respecto ó AULA VIRTUAL.

- Uso da aplicación CISCO WEBEX para as clases telemáticas, organizando sesións semanais impartidas dentro do horario lectivo correspondente a cada grupo.

Dende o departamento defenderase que o alumnado que non dispoña dos medios tecnolóxicos necesarios para continuar o ensino de xeito telemático, sexa dotado deles pola administración pública, para garantir o dereito o ensino gratuito.

Non obstante, para facilitar dito ensino telemático, dende o departamento procurárase que o feito de non dispoñer de ordenador, impresora ou unha conexión a internet fixa, inda que nalgunhas tarefas suporá un esforzo adicional a ese alumnado, non supoña un impedimento á hora de seguir a materia de xeito telemático, de maneira que baste con un común smartphone, para acceder ó AULA VIRTUAL a través da aplicación gratuita de Moodle e así poder consultar e presentar as tarefas que realice.

Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento contínuo do curso polo alumnado

Os profesores deste departamento farán unha primeira toma de contacto co seu alumnado a través da conta Gmail que o centro proporciona para uso educativo tanto ó alumnado coma ós docentes. A través deste medio coñeceranse os medios telemáticos cos que conta cada alumno e trátase de axudarlle no caso de xurdir algunha dúbida ou incidencia, asegurando así que non queda ningún alumno que non poda acceder ós cursos do AULA VIRTUAL.

A partir de ahí, o profesor poderá comprobar o seguimento que o alumnado fai da materia xa que o AULA VIRTUAL proporciona información sobre ó acceso á plataforma que fai o alumno. No caso de que se detecte que algún alumno non accede ao curso, trátase co alumno e se non dera resposta, informarase da situación ó titor ou, en último caso, ó equipo directivo do centro, para tomar as medidas necesarias que aseguren que o alumno poda facer o seguimento contínuo do curso.

3. Concreción das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior

No curso anterior a ESO comezou e desenvolveuse presencialmente todo o curso, polo que as aprendizaxes imprescindibles correspondentes foron adquiridas pola totalidade do alumnado que superou a materia, mentres que as aprendizaxes imprescindibles que puntualmente non foran adquiridas serán tidas en conta para ser integradas de forma que corresponda en cada curso a partir da memoria didáctica.

No curso anterior o BACHARELATO comezou e desenvolveuse semipresencialmente durante o primeiro mes do curso, polo que as aprendizaxes imprescindibles correspondentes foron adquiridas pola totalidade do alumnado que superou a materia, mentres que as aprendizaxes imprescindibles que puntualmente non foran adquiridas serán tidas en conta para ser integradas de forma que corresponda en cada curso a partir da memoria didáctica.

Liñas xerais do plan de reforzo e de recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas o curso pasado.

As aprendizaxes imprescindibles correspondentes ao curso 2020-2021 foron adquiridas pola totalidade do alumnado que superou a materia, mentres que puntualmente as aprendizaxes imprescindibles correspondentes que non foran adquiridas son as que nesta programación serán tidas en conta para ser integradas da forma que corresponda en cada curso dende a memoria didáctica.

➤ EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA

4. Contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ó desenvolvemento das Competencias Clave

A Educación Plástica Visual e Audiovisual, contribúe de maneira clara e eficaz ao desenvolvemento das Competencias Básicas (Segundo o RD 1631, artigo 7), que os alumnos e as alumnas deben ter adquirido ao final da etapa. Neste senso as ensinanzas mínimas favorecen a garantir o desenvolvemento destas competencias básicas no marco da proposta da Unión Europea, nas que deben centrarse a concreción dos proxectos educativos dos centros e das actividades docentes:

- **Competencia de comunicación lingüística (CCL):** é moi importante o correcto emprego da terminoloxía propia da materia, tanto para defender as ideas, argumentar solucións, presentar obras ou discutir posibilidades.
- **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** a educación plástica, visual e audiovisual contribúe á adquisición desta competencia mediante o emprego de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento, a reflexión e posterior análise. O alumnado emprega continuamente conceptos matemáticos, tanto no debuxo artístico coma no debuxo técnico. Por citar algúns: a proporción que a aplican nas escalas, no encaixado, na mestura de cores. A toma de medidas mediante o emprego de regras, semicírculos, calibres... O trazado de figuras xeométricas, etc.
- **Competencia dixital (CD):** os contidos relativos ao entorno audiovisual e multimedia adquiren grande importancia no currículo, expresando o papel que se lle da a este aspecto na adquisición desta competencia e, en particular, o que aporta o mundo das imaxes. O emprego de recursos tecnolóxicos específicos non so supón un medio válido para a produción de creacións visuais, se non que, colabora na adquisición da competencia dixital.
- **Competencia de aprender a aprender (CAA):** reflexionar sobre os procesos e ter unha experiencia creativa contribúe favorece o desenvolvemento desta competencia, xa que que implica a experimentación e a aceptación dos propios erros como instrumento de mellora.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** esta materia constitúe un bo vehículo para o desenvolvemento desta competencia xa que a linguaxe do debuxo é un canle de comunicación. A través desta linguaxe universal podemos transmitir ideas, descrições e sentimentos e, polo tanto, comunicarnos cos nosos semellantes. A creación artística posibilita o traballo en equipo e, a través del, promóvense actitudes de respecto, tolerancia, cooperación e flexibilidade e se adquiren habilidades sociais.
- **Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** a educación plástica, visual e audiovisual colabora na adquisición desta competencia dado que, todo proceso de creación, supón transformar unha idea nun produto. Esta materia incide estreitamente no desenvolvemento de estratexias de planificación, previsión de recursos, anticipación e

avaliación de resultados. Deste xeito, sitúa ao alumnado ante un proceso que lle obriga a tomar decisións de xeito autónomo. Todo isto, xunto co espírito creativo, a experimentación, a investigación e a autocrítica, fomentan a iniciativa e autonomía persoal.

- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** adquirese fundamentalmente a través da área de educación plástica, visual e audiovisual, na que está presente a o longo de todo o currículo. O alumnado aprende a mirar, ver, observar e percibir, e dende o coñecemento da linguaxe visual, a apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas do propio patrimonio cultural e do alleo. Contribúe tamén a alcanzar esta competencia a experimentación e investigación con distintas técnicas plásticas e visuais para expresarse a través da imaxe.

5. Concreción de obxectivos por curso

Nesta materia trabállanse os seguintes obxectivos da etapa de entre os establecidos no artigo 10 do decreto 86/2015.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para una realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos da materia de Educación Plástica e Visual e Audiovisual de 1º ESO

- Manter o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégalo á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
- Analizar os ritmos lineais mediante a observación de elementos orgánicos na paisaxe, nos obxectos e en composicións artísticas, empregándoos como inspiración en creacións gráfico-plásticas. Experimentar co punto, a liña e o plano co concepto de ritmo, aplicándoos de forma creativa e analizando de xeito oral e escrito imaxes e producións gráfico plásticas propias e alleas.
- Experimentar co valor expresivo da liña e o punto e as súas posibilidades tonais, aplicando distintos graos de dureza, distintas posicións do lapis de grafito ou de cor (tombado ou vertical) e a presión exercida na aplicación, en composicións a man alzada, estruturadas xeometricamente ou máis libres e espontáneas.
- Realizar composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, liberdade, opresión, alegría, tristura, etc.) utilizando diversos recursos gráficos en cada caso (claroscuro, liñas, puntos, texturas, cores, etc.).

- Analizar, identificar e explicar oralmente, por escrito e graficamente, o esquema compositivo básico de obras de arte e obras propias, atendendo aos conceptos de equilibrio, proporción e ritmo.
- Realizar composicións modulares con diferentes procedementos gráfico-plásticos en aplicacións ao deseño téxtil, ornamental, arquitectónico ou decorativo.
- Representar obxectos illados e agrupados do natural ou do ámbito inmediato, proporcionándoos en relación coas súas características formais e en relación co seu ámbito.
- Experimentar coas cores primarias e secundarias, estudando a síntese aditiva e subtractiva e as cores complementarias.
- Transcribir texturas táctiles a texturas visuais mediante as técnicas de frottage, utilizándoas en composicións abstractas ou figurativas.
- Utilizar con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
- Utilizar o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
- Utilizar o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles, para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais.
- Aproveitar materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.
- Diferenciar imaxes figurativas de abstractas.
- Recoñecer os diferentes graos de iconicidade da imaxe e crea imaxes con distintos graos de iconicidade baseándose nun mesmo tema.

- Distinguir e deseñar símbolos de iconas.
- Deseña un cómic utilizando adecuadamente viñetas e lendas, globos, liñas cinéticas e onomatopeas.
- Identificar e analizar os elementos que interveñen en actos de comunicación visual e audiovisual e as súas funcións.
- Comprender e explicar os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, biselector, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).
- Trazar as rectas que pasan por cada par de puntos, usando a regra, e resalta o triángulo que se forma. Trazar rectas paralelas, transversais e perpendiculares a outra dada, que pasen por puntos definidos, utilizando escuadra e cartabón con suficiente precisión.
- Identificar os ángulos de 30° , 45° , 60° e 90° na escuadra e no cartabón e sumar ou restar ángulos positivos ou negativos con regra e compás. Constrir a bisectriz dun ángulo calquera, con regra e compás.
- Trazar a mediatriz dun segmento utilizando compás e regra, e tamén utilizando regra, escuadra e cartabón.
- Dividir un segmento en partes iguais, aplicando o teorema de Thales. Escalar un polígono aplicando o teorema de Thales.
- Clasificar calquera triángulo, observando os seus lados e os seus ángulos. Construir un triángulo coñecendo dous lados e un ángulo, ou dous ángulos e un lado, ou os seus tres lados, utilizando correctamente as ferramentas. Determinar o baricentro, o incentro ou o circuncentro de calquera triángulo, construíndo previamente as medianas, as bisectrices ou as mediatrices correspondentes. Debuxar un triángulo rectángulo coñecendo a hipotenusa e un cateto.
- Clasificar correctamente calquera cuadrilátero. Construir calquera paralelogramo coñecendo dous lados consecutivos e unha diagonal.
- Clasificar calquera polígono regular de tres a seis lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular. Construir correctamente polígonos regulares de ata seis lados, inscritos nunha circunferencia.

Obxectivos da materia de Educación Plástica e Visual e Audiovisual de 3º ESO

- Mantér o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
- Crear composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. Coñecer e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións. Reflexionar e avaliar, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- Comprender e empregar os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquexos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
- Realizar modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.
Fai traballos individuais voluntarios				
Colabora activamente nos traballos en grupo				
Usa con precisión e rigor a terminoloxía, os materiais e recursos da materia				
Manten o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde, E achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.				
Está atento, toma apuntes e participa activamente, con corrección e coherencia, nas dinámicas de aula				
Fai as lecturas voluntarias propostas				
Muestra respecto polo material e recursos alleos				
Non ter faltas non xustificadas de asistencia ou puntualidade				

d) Aplicaremos o principio de non contradicción coa normativa de ámbito superior, pero se un alumno ou alumna que non

esta enfermo nin está nunha situación excepcional, non realiza como mínimo o 50% das actividades avaliadas previstas correspondentes ó período de avaliación, a súa nota non será superior a 4 e precisará superar as actividades de recuperación correspondentes.

e) No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliadas e actividades de recuperación.

f) Se un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).

g) O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerarase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.

h) O extravío, perda ou ausencia de calquera exercicio implicará repetilo na casa, a carpeta debe estar completa ao longo do curso.

i) Se un/ha alumno/a non realiza o exame o día que estaba fixado deberá aportar un xustificante oficial (salvo no caso de síntomas COVID, no que non será necesario) para poder realizalo o día que marque o profesor.

j) Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos que realice o alumnado (**ANEXO I**). Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.

8. Cualificación da avaliación:

A cualificación obtida en cada trimestre, redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos, sen prexuízo que a nota mínima será de 1 punto. Así, a una cualificación trimestral de 4,5 corresponderalle 5; a unha cualificación trimestral de 4,4 corresponderalle unha cualificación de 4.

O alumnado que non acade un cinco (5) nalgunha avaliación deberá recuperar a parte da materia que teña suspensa.

9. Actividades e probas de recuperación:

O alumnado que, nas avaliacións obteña unha cualificación de 1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá recuperar dita avaliación, da seguinte forma:

- *Exame*: realizando un novo exame, nas datas primeiras da seguinte avaliación e na terceira avaliación, nos derradeiros días do mes de xuño.
- Poderá volver a presentar e repetir os traballos da avaliación suspensa durante a avaliación seguinte, e na terceira avaliación, nos derradeiros días do mes de xuño. Valoraranse igualmente que no curso.

10. Criterios para determinar a cualificación final:

- g) **Avaliación ordinaria**: a cualificación final do alumnado será a media aritmética das notas das tres avaliacións. O requisito para aprobar a materia será obter unha cualificación mínima de cinco (5) no cálculo da nota final. No caso de non acadala, o alumnado deberá facer un exame sobre a materia da avaliación na que non acade a nota mínima; e poderá correxir e entregar os traballos da mesma. No caso de que contara con máis dunha avaliación suspensa, deberá examinarse de toda a materia e poderá igualmente presentar todos os traballos feitos ao longo do curso. Valoraranse igual que no curso.
- h) **Avaliación extraordinaria**: Os alumnos que non superen a materia na avaliación ordinaria, porán realizar os traballos planteados para esta convocatoria, recollidos nunha carpeta o cartafol (30%) e unha proba (70%) nas datas establecidas ao efecto, que serán cualificadas de 0 a 10, podendo expresarse ata dous decimais, considerándose superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación, igual o superior a 5 puntos.
- i) **Avaliación no caso de imposibilidade de avaliación continua pola falta de asistencia**: só contemplamos esta circunstancia no suposto reflectido no R.R.I., é dicir, no caso de absentismo reiterado e inustificado segundo a ratio de horas semanais que recolle dito documento. Para este alumnado, a cualificación final ordinaria será a que resulte dun exame máis cartafol global (de toda a materia) a celebrar, se é o caso, nas derradeiras datas do curso (avaliación

ordinaria) e non terá oportunidade de recuperación ata a convocatoria extraordinaria. Nesta convocatoria realizará o mesmo exame que o resto do alumnado convocado.

▶ **(2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL:** A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo e forma, a non ser que o alumnado non poda facelo pola súa situación física ou tecnolóxica.

▶ **(3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL:**

Neste caso, o/a profesor/a fará actividades avaliativas telemáticas, que poden ser:

- Un exame oral mediante videoconferencia se a situación tanto física como tecnolóxica do alumnado o permite.
- Actividades manuscritas co nome do/a alumno/a en cada páxina e envío de foto ou documento escaneado ao profesor/a.
- Actividades ou tarefas en Edixgal/aula virtual.
- Calquera outra proba que os medios telemáticos dos que dispoñamos nese momento o permitan.

No caso das actividades telemáticas, as actividades serán manuscritas co nome do alumno en cada páxina e enviarase foto ou documento escaneado.

A ponderación porcentual de probas e actividades será a mesma que no caso da actividade presencial, pero só se terán en conta as actividades entregadas en prazo, a non ser que o alumnado non poda facelo por a súa situación física ou tecnolóxica.

Nos escenarios (2) e (3), para que o alumnado obteña unha cualificación positiva debe enviar ou realizar as actividades propostas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a e a través dos medios que se indicaron (aula virtual, correo electrónico, gdrive...), e realiza correctamente as actividades necesarias para cumprir os obxectivos mínimos establecidos nesta programación.

No caso dunha situación excepcional por parte do alumnado, daráselle todo tipo de facilidades, en canto a prazos, na realización de tarefas avaliadas e actividades de recuperación.

A recuperación de cada avaliación farase unha vez rematada esta e de maneira telemática. Se un/ha alumno/a copia nun exame por calquera método, a cualificación será un cero (0).

O uso de calquera dispositivo electrónico (móbil, MP3, Ipad, tableta, etc...) durante a realización de probas orais, escritas ou telemáticas de todo tipo (exames, controis de clase) considerarase equivalente ao uso de chuletas e será sancionado cun cero (0) na cualificación da correspondente proba.

Elaborarase unha rúbrica para corrixir os traballos que realice o alumnado. Considerarase unha rúbrica aprobada cando acade o grado mínimo de consecución que aparece na táboa de estándares.(**ANEXO I**).

- Criterios de corrección

Nos exames (escritos, orais ou telemáticos):

- No desenvolvemento dos exercicios valorarase:
 - A utilización da linguaxe, notación, símbolos e trazados adecuados.
 - A precisión, rigor e limpeza adecuados para a resolución dos exercicios.
 - O plantexamento, o desenvolvemento e a claridade nos debuxos.(Non chega con dar o resultado, non pode borrarse os procedementos dos exercicios).
 - O uso correcto dos recursos e materiais necesarios para a resolución dos exercicios.

- Non se valorará ningún exercicio que non estea debidamente trazado ou non inclúa os pasos necesarios para chegar á solución. En ningún caso se valorará so o resultado.
- Os erros graves de concepto suporán a anulación do apartado correspondente.
- Os parágrafos/apartados que esixen a solución dun apartado anterior cualificaranse independentemente do resultado do devandito apartado, coa excepción de que estean baseados nun erro grave de concepto.
- A puntuación de cada pregunta do exame figurará no mesmo.
- No escenario (3) e nalgúns casos no (2)) os exames serán telemáticos, ven por medio de autoavaliacións na aula virtual, conexión por videoconferencia, etc, polo que calquera incidencia que provoque dúbidas no profesor (respostas iguais ás de outro compañeiro, estar mirando o móbil durante un exame nunha videoconferencia, etc) suporá unha anulación do mesmo.

Nos traballos artísticos, técnicos ou de investigación ou presentación de diapositivas:

- Deben constar de todas as partes: Descontarase a parte da puntuación correspondente por cada unha que falte.
- Deben proporcionar a información necesaria para unha fácil comprensión da investigación realizada, e non só un “corta e pega” de internet, sen conexión.
- Valorarase a creatividade e a presentación e o uso de materiais e recursos propios da materia.
- Cualificarase a partir da rúbrica: **(ANEXO I)**.
- Nos escenarios (2) e (3), para que o alumnado obteña unha cualificación positiva debe enviar ou realizar as actividades propostas en prazo e forma establecido polo/a profesor/a e a través dos medios que se indicaron (aula virtual, correo electrónico, gdrive...), e realiza correctamente as actividades necesarias para cumprir os obxectivos mínimos establecidos

nesta programación.

ASPECTOS CUMÚNS A TODA A ESO

Plantéxanse tres escenarios posibles en función da situacións sanitaria:

- Escenario (1): actividade lectiva presencial.
- Escenario (2) semipresencial.
- Escenario (3): non presencial.

Cando nos refiramos a eles, indicarámolo co número correspondente.

O curso 2021-2022 comezamos no escenario (1)

15. Concrecións metodolóxicas

Os procesos de ensino-aprendizaxe deben proporcionar ao alumno un coñecemento sólido dos contidos, ao mesmo tempo que propicia o desenvolvemento dos hábitos intelectuais propios do pensamento abstracto, tales como a observación, a análise, a interpretación, a investigación, a capacidade creativa, a comprensión e expresión e o sentido crítico, e a capacidade para resolver problemas e aplicar os coñecementos adquiridos en diversos contextos, dentro e fora da aula, que garantan a adquisición das competencias e a efectividade das aprendizaxes.

A metodoloxía, polo tanto, ten que estar orientada a potenciar a aprendizaxe por competencias, polo que será activa e participativa potenciando a autonomía dos alumnos na toma de decisións, o aprender por si mesmos e o traballo colaborativo, a busca selectiva

de información e, finalmente, a aplicación do aprendido a novas situacións. Tendo en conta as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e comunicación.

Nese sentido no desenvolvemento das sesións de clase, ao longo do curso, seguiremos unha serie de pautas:

- a) Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas e mobilizar estes coñecementos previos a través da memorización comprensiva.
- b) Favorecer que os alumnos e as alumnas aprendan por si mesmos proporcionando situacións nas que deban actualizar os seus coñecementos.
- c) Xerar situacións de aprendizaxe que teñan sentido para os alumnos e as alumnas, co fin de que resulten motivadoras.
- d) Propiciar situacións de aprendizaxe que esixan una intensa actividade mental do alumnado, que lle leve a reflexionar e a xustificar as súas actuacións, promovendo a interacción na aula como motor da aprendizaxe.
- e) Coñecer ao alumnado para garantir a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A metodoloxía que imos poñer en xogo ao longo deste curso asentase nos seguintes principios:

- **Motivación**: ao alumno hai que atraelo mediante contidos, métodos e propostas que estimulen a súa curiosidade e aliménten o seu afán por aprender.
- **Interacción omnidireccional na aula**:
 - *Profesor-alumno*: o docente establecerá unha conversación permanente co alumno, quen ten que establecer conexións coas ideas previas ou con outros conceptos, vendo de este modo facilitada a súa aprendizaxe.

- *Alumno-alumno*: o traballo colaborativo, os debates e as interaccións son unha fonte de enriquecemento e aprendizaxe, e introducen unha dinámica na aula que favorece a aprendizaxe e o respecto. Este tipo de actividades sería difícil realizalas no escenario (3), polo menos coa mesma dinámica que nos escenarios (1) e (2).
- *Alumno consigo mesmo*: autointerrogándose e reflexionando sobre os seus coñecementos previos e incentivando o seu interese por entender situacións do seu entorno.
- **Equilibrio entre coñecementos e procedementos**: o coñecemento non se aprende á marxe do seu uso, como tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento conceptual. Imos conxugar o traballo dos coñecementos, coa amplitude e rigor necesarios, con aspectos básicos dunha actividade científica como as prácticas, a investigación e a realización e comunicación de informes.
- **Aprendizaxe activo e colaborativo**: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é unha maneira óptima de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa ten que sustentarse na aprendizaxe colaborativa, de modo que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.
- **Importancia da investigación**: como resposta ás novas necesidades, onde adquiren relevancia os proxectos de investigación, a nosa metodoloxía inclúe tarefas de indagación ou investigación.
- **Integración da TIC no proceso de ensino-aprendizaxe**: non podemos obviar a motivación que aportan as TIC ao alumno nin o seu potencial didáctico. Faranse actividades interactivas usando simuladores, animacións, vídeos e realizaremos traballos usando as TIC como base.

- **Atención á diversidade**: tentaremos, dentro do posible, traballar individualmente as competencias que non foron adquiridas, usando distintos métodos de traballo para incentivar o interese do alumno e conseguir así acadar o mínimo en todos os estándares do curso.

En resumen:

- Avaliación inicial que nos permitirá coñecer o nivel do que parten os alumnos.
- Explicación dos conceptos novos cos que se va a traballar. Motivación para estimular a curiosidade do alumnado p o los temas que se tratan na aula. É necesario facilita-lo proceso de comunicación, de creación, facendo dos intereses dos alumnos e alumnas o punto de partida do traballo na aula.
- Recollida de datos por parte do alumnado. A observación do propio entorno e da natureza serán fonte de exemplos e motivo de análise.
- Desenvolvemento do proxecto. A maior parte do tempo da materia destinarase á práctica. O profesorado aportará as presentacións teóricas e dirixirá o traballo de cada alumno ou alumna, aportará procedementos e técnicas que lle axuden a potenciar a expresividade e a investigación persoal.

Sempre que sexa posible aportaranse recursos extraescolares para complementar os contidos teóricos, como materiais audiovisuais, visitas guiadas a exposicións e museos.

Ao final de cada bloque de contidos farase unha exposición na clase dos traballos feitos. Pedirase un comentario crítico deles, para confrontar solucións e formulacións. Tamén servirá para que o alumnado poida incorporar solucións interesantes doutros compañeiros nos seus futuros traballos.

En 1º e 3º da ESO será preciso unha avaliación inicial ao comezo do curso, para determinar os coñecementos previos e a necesidade de reforzo de contidos imprescindibles.

En 4º da ESO, por cada bloque de estándares de aprendizaxes que corresponda na programación e non foran adquiridos no curso 2020-21 e sexan imprescindibles, comenazarase por eles e continuar coa secuenciación prevista. En caso de clases non presenciais durante o presente curso. En 4º de ESO seguirase avanzando materia para garantir os “contidos mínimos esixibles” de fin de etapa da ESO.

No caso de:

- ▶ **(1) Actividade lectiva presencial:** poderase poñer en práctica a metodoloxía indicada.
- ▶ **(2) Actividade lectiva semipresencial:** a metodoloxía comentada anteriormente será posible levaba a cabo os días que a actividade sexa presencial. Os días nos que sexa non presencial, adaptarase a mesma á situación, utilizando a metodoloxía proposta no escenario (3).
- ▶ **(3) Actividade lectiva non presencial:** cada materia de cada nivel terá un curso na aula virtual no espazo reservado a cada departamento, (en 1º ESO, tamén en EDIXGAL). O horario semanal de cada grupo será publicado na aula virtual de cada curso ou ben na páxina web do centro. Neste horario reflectiranse os días e as horas nas que:
 - Serán actualizadas as tarefas e/ou contidos de cada unha das materias.
 - Farase seguimento telemático do alumnado (clases virtuais, consultas a través de videoconferencia en pequeno ou grande grupo, etcétera).

Neste escenario empregarase EDIXGAL en 1º ESO, en 1º, 3º e 4º aula virtual, os correos electrónicos, canle de Youtube ou calquera outro medio telemático para a comunicación co alumnado, o seguimento do traballo desenvolvido polo alumnado, aclaración de dúbidas, transmisión de información relevante e para a posta en común de posibles dificultades que poidan xurdir. Tamén se empregarán estes medios para a entrega de actividades propostas e, de ser o caso, para a realización da proba telemática/cuestionario

Poderán levarse a cabo videoconferencias coa aplicación CISCO WEBEX.

Para o alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática, ben porque non dispoña de conectividade a internet ou ordenador persoal, buscaríamos a forma de que iso non supoña un impedimento para a realización das distintas tarefas, xa que todo o alumnado ten dereito á educación. Pode ser a entrega dun ordenador, a conexión a internet por medio dun pincho, entrega do material en papel, etc.

16. Materiais e recursos didácticos

▶ ESCENARIO (1) ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL:

- Libros de texto: - 1º ESO: Utilizarase a plataforma Edixgal.
 - 3º ESO : O departamento asume a elaboración do soporte textual deste nivel.
 - 4º ESO: O departamento asume a elaboración do soporte textual deste nivel.
- Pizarra dixital nas aulas.
- Aula virtual do centro: todos os recursos necesarios para a superación da materia (unidades didácticas, exercicios propostos, enlaces web,...) estarán na aula virtual a disposición do alumnado en calquera dos tres escenarios. Será o recurso principal no escenario (3) e tamén para o alumnado que estea en situación de illamento aínda que non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.
- Portas afora: para a realización das visitas extraescolares (exposicións, museos, etc).

- Biblioteca: libros de consulta da biblioteca do centro.

▶ **ESCENARIO (2) ACTIVIDADE LECTIVA SEMIPRESENCIAL**: os días que a actividade lectiva sexa presencial utilizaranse os materiais e recursos ciatdos no escenario (1). Os días que sexa non presencial utilizaranse os propostos no escenario (3).

▶ **ESCENARIO (3) ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**:

Materiais: Na aula virtual, Gdrive,na plataforma de Edixgal para 1º ESO e na canle de Youtube o alumnado disporá de:

- Unidades didácticas con contidos desenvolvidos, exemplos resoltos e exercicios.
- Tarefas diversas (ligazóns, vídeos explicativos de conceptos teóricos,...).

Recursos: Apuntes, internet, ordenador, correo electrónico, aula virtual, Gdrive, Youtube e aplicación Cisco Webex.

O alumnado deberá aportar o seguinte material:

- Bloc de debuxo ou láminas Din-A4.
- Carpeta/ caderno para apuntes da clase.
- Caderno de artista.
- Cartafol para entregar os traballos.
- Lapis 2B/6B

- Portaminas 0,5 mm. Mina HB.
- Lapis 2H/ portaminas 0,3 mm.
- Goma de borrar
- Escuadra, cartabón e regra
- Compás
- Pinturas á cera/lápices e rotuladores
- Lápices acuarelables ou Témperas e dous pinceis fino e grosso que se indicaran na clase.
- Material de reciclaxe, como periódicos, revistas, cartóns, etc.
- Cartolinas
- Pegamento
- Tesoiras

17. Plan de reforzo e recuperación

En aplicación ao principio de atención á diversidade e dun ensino contextualizado, aplicaranse Plans de Reforzo e Recuperación dirixidos a paliar os efectos negativos do curso 2019-2020 e o curso 2020-2021. Con este obxectivo, distinguimos dous niveis diferentes:

1.- **Reforzo e Recuperación colectivos**: trátase de integrar os elementos curriculares imprescindibles non impartidos durante o curso 2019-2020, por mor da pandemia, e os do curso 2020-2021.

Ditos elementos curriculares aparecen detallados en cada un dos niveis da presente programación. Introducíranse progresivamente segundo as necesidades da propia materia e trataranse na medida do posible de maneira transversal e complementaria sempre que se vaia a introducir un tema que manteña relación con eles ou sexa continuación dos mesmos, dedicándolles o tempo necesario para poder seguir avanzando coas aprendizaxes imprescindibles de cada materia e nivel.

2.- **Reforzo e Recuperación individuais**: no caso de alumnado promocionado con materias non superadas do curso anterior ou con necesidade específica de apoio educativo, poderán deseñarse plans individualizados de reforzo. Para detectar estes casos, teranse en conta:

- Os informes individuais elaborados polo profesorado do propio centro ao final do curso 20120-2021.
- As avaliacións iniciais realizadas ao comezo do curso 2021-2022.

Estes plans desenvolveranse mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado, e serán elaborados mediante coordinación do profesorado que imparta a dito alumnado, os/as titores/as correspondentes e, de ser o caso, o departamento de Orientación.

En calquera caso, os Plans de Reforzo individuais realizaranse, de maneira preferente, aplicando metodoloxías mediante tarefas globalizadoras que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado.

Con carácter xeral, os principios metodolóxicos serán os seguintes:

- Plantexamento de tarefas abertas, para un desenvolvemento crítico e creativo. Ensinar a pensar.

- Actividades de investigación e aprendizaxe por proxectos de traballo. Aprendizaxe cooperativa.
- Actividades interdisciplinares, na medida do posible. Interrelación de aprendizaxes.
- Uso das TIC como recurso didáctico.
- Técnicas de gamificación que favorezan a motivación e a aprendizaxe.
- Actividades de auto-aprendizaxe, con auto-avaliación ou co-avaliación, que fomenten a auto-xestión do alumnado.

18. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tanto o alumnado como o profesorado deben valorar o proceso de ensino e a práctica docente co fin de realizar as pertinentes modificacións para a súa mellora. Os indicadores de logro son unha serie de preguntas que servirán para reflexionar sobre a actuación do profesorado co alumnado e sobre todos os aspectos recollidos na programación.

► INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				

2- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu o aprendizaxe.				
3- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5- Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11-Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

► **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				

2- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4- Elabóranse probas e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6- Combínase o traballo individual e en equipo.				
7- Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizase.				
10- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11- Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12- Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15- Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16- As medidas de apoio, reforzo, etc, están claramente vinculadas aos estándares.				
17- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

19. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- **Plans de traballo para a superación de materias pendentes**

O alumnado con materias pendentes de cursos anteriores (alumnos coa materia de 1º de ESO e 3º de ESO), serán supervisados pola xefe de departamento. Non temos este curso alumnos pendentes de 4º ESO.

- **Procedementos para a cualificación das pendentes**

O alumnado con materias pendentes poderá presentarse ás probas de pendentes nas convocatorias oficiais (convocatoria ordinaria e extraordinaria).

Estes alumnos terán a posibilidade de traballar un caderno de actividades durante o curso supervisados pola xefa de departamento (entregado na 1ª reunión, e se aproban, quedan liberados do exame da convocatoria ordinaria). Este traballo terán que entregalo nunha data anterior ao exame da convocatoria ordinaria, proposta pola xefa do departamento tamén nesa 1ª reunión. Comunicarase esta data aos alumnos/pais e titores. Unha vez entregado o traballo, o alumno recibirá a cualificación correspondente. De non entregar o traballo o suspendelo, terán o exame no data oficial da convocatoria ordinaria.

Na convocatoria extraordinaria , só terá a posibilidade do exame na data oficial.

Os contidos sobre os que deberá examinarse o alumnado estarán baseados nos contidos mínimos das materias correspondentes reflectidos na presente programación. Esta proba de pendentes será cualificada de 0 a 10, podendo expresarse ata dous decimais, considerándose superada a materia cando, despois de efectuado, no seu caso, o redondeo, se obteña unha puntuación, igual o superior a 5 puntos.

Si un alumno copia nun exame a cualificación será 0.

Non obstante, se un/ha alumno/a supera a materia do curso actual, automaticamente tamén superará a pendente por ser materias de contidos progresivos (como xa establece a lei).

No escenario (3), o alumnado terá que realizar as tarefas e probas que o xefe de departamento propoña a través da aula virtual do centro para o alumnado coa materia pendente.

Os contidos mínimos e os criterios de avaliación son os mesmos que se especifican para o nivel ao que se presenta.

20. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

En todos os cursos da ESO e principalmente en 1º da ESO, realizarase unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado e poder adecuar o nivel da docencia á súa situación real. Consideramos a programación como unha guía que debe de adaptarse á realidade do alumnado para conseguir as competencias básicas ao final da etapa obrigatoria. Deste xeito, faremos as modificacións necesarias e as rexistraremos nas actas de departamentoe na memoria.

Tamén será un modo de detectar necesidades educativas especiais que nos leven a modificar o ritmo ou a metodoloxía empregada.

A partir dos informes individualizados elaborados ó finalizar o curso 2020/2021, e da avaliación inicial, reforzaremos os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, necesarios para garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto implicará axustes curriculares que se estenderán no primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O desenvolvemento das aprendizaxes non adquiridas farase dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo, e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación inicial levarase a cabo mediante unha proba escrita que consta dunha serie de preguntas en cuxa resolución son necesarios os contidos e procedementos esenciais estudados na materia de cursos anteriores. Así poderemos observar que alumnado non ten completamente acadados os obxectivos dese curso e prepararemos actividades de reforzo, para un traballo específico dese alumnado, que será titorizado polo profesor.

Así mesmo, analizaremos con que contidos ou procedementos teñen mais problemas o alumnado para revisalos ao longo do curso, no momento no que sexa necesario empregarlos, para a aprendizaxe dos novos contidos.

Estes cursos, e por mor da situación de alerta sanitaria na que nos encontramos, a avaliación inicial detectará moitos mais contidos que o alumnado non ten fixado (ben por non dalos na terceira avaliación do curso 2019-2020 ou por outros motivos no curso 2020-2021) como en outros anos anteriores, e iso serviranos de referencia para avanzar en materia nova.

21. Medidas de atención á diversidade

A diversidade é unha realidade social dentro da aula. De este modo, existen diferentes características, potenciais, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses por parte de cada estudante. Esta diversidade ten que ser tida en conta na proposta educativa para adecuar o proceso ensino-aprendizaxe a todo o noso alumnado.

Para adecuarse ás características diferenciais do alumnado compre utilizar recursos metodolóxicos diversos:

- Presentar os contidos por diferentes vías: de forma oral e visual, empregando tamén material exterior á aula.
- Realizar actividades de introdución, motivación, detección de coñecementos previos, desenvolvemento, síntese, resumen, consolidación, reforzo, ampliación, avaliación e recuperación.
- Agrupamento segundo actividade.

- Materiais diversos: libros de texto, de consulta, de lectura, presentacións, fotocopias, vídeos.....
- Potenciaremos as condutas de traballo, construtivas, respectuosas co grupo mediante reforzos positivos que axuden a manter ese ambiente de traballo.

O profesorado, fará un seguimento do caderno do alumno. De este modo pode detectar as necesidades de cada alumno/a.

Este feito pode dar lugar a reforzos na aula, tanto por detectar dificultades na adquisición de determinados coñecementos como por detectar alumnos con altos coñecementos e que se aburren na aula. En ambos casos o profesor poderá elaborar exercicios de reforzo ou de ampliación para corrixir estes desfases. Tamén se terá en conta esta circunstancia cando se agrupen para realizar algunha tarefa de modo que os membros do grupo se complementen e favoreza a súa aprendizaxe.

Durante o primeiro mes de curso tratase ademáis de localizar aqueles alumnos que, aparentemente, teñan dificultades en seguir o normal desenvolvemento da materia.

Ao longo da primeira avaliación farase un seguimento específico a estes alumnos, consultando co resto dos profesores do curso e co titor.

En caso de que se detecte un problema máis grave poñerá en coñecemento do titor e do orientador para tomar as medidas oportunas. No caso de que esta medida sexa unha adaptación curricular está poderá requirir modificacións significativas do currículo ordinario. As adaptacións tamén poden incluír alumnos que presente altas capacidades intelectuais.

Nos escenarios (2) e (3) realizaranse reunións periódicas vía telemática co alumnado ou se se considera necesario co profesorado do Departamento de Orientación.

22. Concreción dos elementos transversais

En Educación Plástica, Visual e Audiovisual, os contextos dos exercicios, actividades ou traballos deben estar referidos ós contidos transversais, entendendo por transversais aqueles contidos que, sen estar definidos en ningunha das outras áreas, deben estar presentes na aula de forma permanente.

A comprensión lectora , a expresión oral e escrita, as tecnoloxías da información e da comunicación (TICs), comunicación audiovisual, emprendemento, a educación cívica e constitucional traballaranse nesta materia como en todas as demais.

Incidiremos nos seguintes temas transversais:

Educación moral e cívica: Constitúen parte dos contidos actitudinais entre os que destaca a participación en tarefas comúns mostrando colaboración e respecto polas opinións alleas e as regras, o diálogo para debater e chegar a puntos de converxencia comúns, o respecto pola autonomía dos demais, a responsabilidade no traballo individual e de grupo, etc. Promoveremos a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Educación do consumidor: Pódese incidir sobre algúns aspectos do consumo: A utilización, interpretación e valoración crítica de informacións que fagan uso de representacións gráficas/visuais (publicidade...). A actitude crítica ante situacións relacionadas co azar (xogos, sorteos,...). A aplicación de conceptos e procedementos plásticos para interpretar e analizar situacións relacionadas co consumo en xeral. Fomentar o reciclaxe.

Educación para á igualdade de ámbolos dous sexos: O ensino debe caracterizarse polo uso de estratexias metodolóxicas non sexistas non discriminando os alumnos/as por razóns de sexo e utilizando linguaxes e fomentando hábitos non sexistas. Fomentaremos o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Educación para a saúde e calidade de vida: Pódense tratar contidos relacionados coa saúde (hixiene, alimentación, SIDA, anorexia, prevención de accidentes,...) mediante o estudo funcional e estadístico sobre feitos relacionados con procesos fisiolóxicos e alimentarios relacionados cos hábitos saudables.

Educación medioambiental: Situacións que se poden presentar sobre o consumo de recursos naturais (auga, recursos forestais, papel e cartón,...) e situacións contaminantes duns pila botón, un vertido,...) poden fomentar a valoración crítica dos abusos medioambientais e a redución e o consumo responsable de recursos ou a reciclaxe.

Educación para a paz: Se poden introducir valores de solidariedade e cooperación expoñendo problemas relacionados con outras culturas, a pobreza, o subdesenvolvemento e as desigualdades. Fomentando os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Abrangueremos a prevención da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Educación para o ócio: O desenvolvemento e realización do traballo e uso das ferramentas podén fomentar na vida cotiá do alumnado o gusto pola realización de actividades de ocio e afeccións relacionados co proceso artístico, técnico e audiovisual.

23. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares organizaranse ao longo do curso e reflectiranse na memoria de final de curso, aínda que é posible que a situación de alerta sanitaria non nos permita facer algunha. Prestarase colaboración ás que organicen outros departamentos, normalización, biblioteca, etc.

As actividades extraescolares previstas durante o curso son as seguintes:

- Visitas a museos e a exposicións puntuais que sexan do interese do grupo, especialmente aquelas dirixidas aos alumnos de secundaria con visitas guiadas e talleres didácticos.

- Exposicións periódicas dos traballos na propia aula dos alumnos e exposición de fin de curso cunha selección das obras mais interesantes. Cando sexa posible esta exposición terá carácter didáctico con apoio de paneis explicativos sobre os contidos traballados e os procedementos e técnicas utilizadas.
- Participación con outros departamentos, coa biblioteca, con normalización lingüística, co centro en diferentes actividades e tamén co Consello e asociacións do mesmo.
- Participación na Semana Cultural: organizando o concurso do cartel anunciador e con algunha actividade cos alumnos organizada polo departamento.
- Participación a concursos que sexan de interese para os alumn@s.

24. Contribución ao Proxecto Lector

Este Departamento desexa participar no desenvolvemento do proxecto lector do Centro e, por iso, ofrece as horas lectivas das súas materias que se estimen oportunas para a consecución de dita empresa.

A nosa intención é que o alumnado se acerque dunha forma natural e “non forzada” á lectura; que sinta a satisfacción que xorde da actividade de ler non so sobre temas científicos senón de calquera temática.

As lecturas e películas recomendadas para a ESO, e das que dispoñemos exemplares na biblioteca son as seguintes:

- 1º ESO

Biografía de maestros de la pintura en cómics:

Frida Kahlo, Vincent van Gogh, Edward Hopper, Salvador Dalí y Niki de Saint Phalle, etc. Willi Blöß. Sd.edicions.

CARA O CRUZ. Lou Lubie. NORMA Editorial.

Cómics:

La casa azul. Tyto Alba. Astiberri Ediciones.

- 3º ESO - 4º ESO

Cómics:

La casa azul. Tyto Alba. Astiberri Ediciones

Marcel Duchamp. François Olislaeger. Ed. Turner.

Las meninas. Javier Olivares, Santiago García. Astiberri Ediciones. **(Premio a la mejor obra española en el Salón Internacional del Cómic de Barcelona 2015).**

CARA O CRUZ. Lou Lubie. NORMA Editorial.

- 1º, 3º e 4º ESO

Películas:

El loco de pelo rojo. *Película* dirixida en 1956 por Vincente Minnelli.

La joven de la perla. Película *dirigida* en 2003 por Peter Webber.

La hora de los valientes. Película española dirixida en 1998 por Antonio Mercero

25. Contribución ao Plan de integración das TICs.

Os membros do Departamento utilizan a aula virtual do centro para “colgar” nela os apuntes das materias, material complementario, recursos didácticos, etc; deste modo o alumnado pode descargar desde a súa casa (vía internet) todo o material necesario para preparar a materia (apuntes, caderno de traballos, enlaces a páxinas web, etc).

Do mesmo modo, poden consultar as notas dos exames.

En 1º ESO temos a plataforma EDIXGAL e plantexamos traballos nos que usen as TICs en todos os cursos de ESO.

Na páxina web do centro e dentro do apartado do Departamento de Educación Plástica Visual e Audiovisual o alumnado e familias terán a posibilidade de consultar a programación do Departamento.

26. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Dado que a programación é un documento vivo, e dicir que se debe ir modificando para adaptalo á realidade do curso, é necesario facer unha avaliación da mesma para saber que modificacións poderían melloralas.

Durante todo curso avaliarase a programación do seguinte xeito:

- Nas reunións de departamento farase unha análise e avaliación do desenvolvemento da programación didáctica ata ese momento, tendo en conta o grao de cumprimento da programación, dificultades atopadas e

medidas adoptadas. Deixarase reflectido na acta da reunión.

- A partir da aplicación na aula da programación didáctica, o/a profesor/a analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto da clase e a consecuencia desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas.
- Despois de cada avaliación realizarase unha análise dos resultados obtidos, podendo derivarse de estes modificacións na programación que quedarán reflectidas nas actas de departamento e na memoria final de curso.
- Tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completarase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos:

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.
- Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
- Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

A información obtida permitirá, se fose necesario, reconducir e mellorar a programación, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

27. Información e publicidade

Os primeiros días do curso académico os alumnos matriculados no departamento de Plástica serán debidamente informados na presentación da materia dos obxetivos, contidos, estándares mínimos exixibles, criterios de avaliación, metodoloxía, materiais..... (facendo incidencia nos diferentes tipos de contidos, e as súas porcentaxes na nota da avaliación), así como da importancia de manter os principios de educación e respecto hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula.

- **Información ao alumnado e ás familias:** Utilizarase a páxina web do instituto para colgar a programación de tódalas materias que imparte o departamento, de modo que tanto o alumnado como as familias teñan acceso inmediato a elas.
- **Publicidade:** Na páxina web do centro, no apartado Departamentos, estará a disposición de alumnado e familias esta programación.

➤ BACHARELATO. DEBUXO TÉCNICO

28. Contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ó desenvolvemento das Competencias Clave

- **Competencia de comunicación lingüística (CCL):** o Debuxo Técnico supón en si mesmo unha modalidade de comunicación visual de carácter universal e, por tanto, precisa dunhas destrezas orais e escritas que acompañan aos recursos gráficos e tecnolóxicos para poder interactuar con outros individuos. De forma oral, o alumnado debe debatir as resolucións de problemas e representacións de proxectos. Por escrito, deberán describir elementos, aplicacións xeométricas e procedementos. Débese considerar tamén a comunicación mediante a linguaxe gráfica como é a acotación presente nos croquis e planos técnicos.

- **Competencia matemática e Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** a materia de Debuxo Técnico vincúlase coa competencia matemática en tanto a súa natureza é de razoamento matemático, sendo necesarias destrezas de manexo de cantidades: cálculos, medicións, tamaños e proporcións. Ten como eido común o análise da forma e o espazo, posicións relativas entre formas xeométricas e sistemas de representación de formas e volumes. A interpretación e comunicación de datos presentes en toda a materia levan implícitas habilidades de análise matemática. De igual xeito, contribúe á adquisición do pensamento científico na resolución de problemas ao ter que identificar datos, realizar construcións e tomar decisións razoadas. Aporta tamén referentes tecnolóxicos como a representación de pezas industriais e mecánicos, deseños de construción e estruturas.
- **Competencia dixital (CD):** un dos obxectivos da materia é o dominio de aplicacións informáticas na representación gráfica e na presentación de proxectos. É preciso dotar de habilidades e destrezas en programas informáticos como deseño vectorial en 2D e modelado en 3D.
- **Competencia de aprender a aprender (CAA):** dado o carácter práctico da materia, favorécese esta competencia xerando actividades nas que o alumnado debe persistir na aprendizaxe, comprendendo fundamentos e principios, aplicándoos e relacionándoos con outros contidos. A resolución de problemas implica reflexión e toma de decisións que contribúen a unha aprendizaxe autónoma.
- **Competencias sociais e cívicas (CSC):** contribúen os proxectos cooperativos da materia onde o alumnado adquira conceptos básicos na organización do traballo e o respecto polo traballo e creacións alleas.
- **Competencia do sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** os proxectos cooperativos ou individuais contribúen á adquisición das capacidades propias desta competencia que permitan transformar as ideas en actos. Favorécese as capacidades para xestionar proxectos e potenciase a creatividade e a innovación.
- **Competencia de conciencia e expresións culturais (CCEC):** O Debuxo Técnico aporta as capacidades creativas e estéticas do deseño industrial e o valor do patrimonio arquitectónico.

29. Concreción de obxectivos por curso

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
1.- **Reforzo e Recuperación colectivos:** trátase de integrar os elementos curriculares imprescindibles non impartidos durante o curso 2019-2020, por mor da pandemia, no presente curso 2020-2021.

Ditos elementos curriculares aparecen detallados en cada un dos niveis da presente programación. Introduciranse progresivamente segundo as necesidades da propia materia e trataranse na medida do posible de maneira transversal e complementaria sempre que se vaia a introducir un tema que manteña relación con eles ou sexa continuación dos mesmos, dedicándolles o tempo necesario para poder seguir avanzando coas aprendizaxes imprescindibles de cada materia e nivel.

2.- Reforzo e Recuperación individuais: no caso de alumnado promocionado con materias non superadas do curso anterior ou con necesidade específica de apoio educativo, poderán deseñarse plans individualizados de reforzo. Para detectar estes casos, teranse en conta:

- Os informes individuais elaborados polo profesorado do propio centro ao final do curso 2019-2020.
- As avaliacións iniciais realizadas ao comezo do curso 2020-2021.

Estes plans desenvolveranse mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado, e serán elaborados mediante coordinación do profesorado que imparta a dito alumnado, os/as titores/as correspondentes e, de ser o caso, o departamento de Orientación.

En calquera caso, os Plans de Reforzo individuais realizaranse, de maneira preferente, aplicando metodoloxías mediante tarefas globalizadoras que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado.

Con carácter xeral, os principios metodolóxicos serán os seguintes:

- Plantexamento de tarefas abertas, para un desenvolvemento crítico e creativo. Ensinar a pensar.
- Actividades de investigación e aprendizaxe por proxectos de traballo. Aprendizaxe cooperativa.
- Actividades interdisciplinares, na medida do posible. Interrelación de aprendizaxes.
- Uso das TIC como recurso didáctico.
- Técnicas de gamificación que favorezan a motivación e a aprendizaxe.
- Actividades de auto-aprendizaxe, con auto-avaliación ou co-avaliación, que fomenten a auto-xestión do alumnado.

45. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Tanto o alumnado como o profesorado deben valorar o proceso de ensino e a práctica docente co fin de realizar as pertinentes modificacións para a súa mellora. Os indicadores de logro son unha serie de preguntas que servirán para reflexionar sobre a actuación do profesorado co alumnado e sobre todos os aspectos recollidos na programación.

► **INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu o aprendizaxe.				
3- Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5- Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7- Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8- Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10- Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11- Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				

12-Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				
---	--	--	--	--

► **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

	ESCALA			
	1	2	3	4
1- Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2- Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3- Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4- Elabóranse probas e avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6- Combínase o traballo individual e en equipo.				
7- Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8- Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizase.				
10- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11- Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas/traballos, etc.				
12- Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				

13- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14- Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15- Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16- As medidas de apoio, reforzo, etc, están claramente vinculadas aos estándares.				
17- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

46. Organización das actividades de seguemento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnos/as de 2º de bacharelato coa materia pendente de 1º de bacharelato para este curso 2020-2021.

✓ Plan de traballo para a superación de materias pendentes:

O alumnado coa materia pendente de 1º de bacharelato serán supervisados pola xefe de departamento.

✓ Procedementos para a cualificación das pendentes:

O alumnado coa materia pendente de 1º de bacharelato poderá presentarse ás probas de pendentes que se celebrarán en febreiro (convocatoria non oficial pero que pode liberar parte da materia), maio e setembro (convocatorias oficiais).

Pode presentarse a parte da materia en febreiro (a decidir entre alumnado e profesor/a) e outra parte en maio; ou ben presentarse a toda a materia en maio. Haberá outro exame en setembro (a convocatoria extraordinaria). Nesta proba examínase de toda a materia (aínda que durante o curso fose capaz de aprobar algunha das partes).

Os contidos sobre os que deberá examinarse o alumnado estarán baseados nos contidos mínimos das materias correspondentes reflectidos na presente programación. Nesta convocatoria so se terá en conta a nota do exame que debe ser 5 ou superior a 5.

Si un alumno copia nun exame a cualificación será 0.

No escenario (3), o alumnado terá que realizar as tarefas e probas que o xefe de departamento propoña a través da aula virtual do centro para o alumnado coa materia pendente.

47. Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.

O decreto 86/2015 de currículo de ESO e Bacharelato, establece no art. 36 a continuidade entre materias, especificadas no Anexo VI.

A superación das materias de segundo curso que se indican neste anexo, en este caso a Debuxo II de 2º bacharelato, estará condicionada á superación da correspondente materia de primeiro curso (Debuxo I) indicadas no devandito anexo, por implicar continuidade.

Polo tanto, o alumnado que queira matricularse da materia de Debuxo II en 2º bacharelato debe cursar a materia de Debuxo I de 1º BAC. Ou acreditar os coñecementos do curso, nun exame de contidos mínimos, presentándose ao exame extraordinario de setembro correspondente.

48. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

A partir dos estándares de aprendizaxe non impartidos no curso 2019/2020 ou 2020-2021 no curso inmediatamente anterior, e da avaliación inicial, reforzaremos os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, necesarios para garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Isto implicará axustes curriculares que se estenderán no primeiro trimestre do curso 2021/2022.

O desenvolvemento das aprendizaxes non adquiridas farase dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo, e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

A avaliación inicial levarase a cabo mediante unha proba de detección de ideas previas e actividades de debate co alumnado antes do desenvolvemento das unidades didácticas. As probas de detección de ideas previas constan dunha serie de preguntas en cuxa resolución son necesarios os contidos e procedementos esenciais estudados na materia de cursos anteriores. Así poderemos observar que alumnado non ten completamente acadados os obxectivos dese curso e prepararemos actividades de reforzo, para un traballo específico dese alumnado, que será titorizado polo profesor.

Do mesmo xeito, analizaremos con que contidos ou procedementos ten mais problemas o alumnado para revisalos ao longo do curso, no momento no que sexa necesario empregalos, para a aprendizaxe dos novos contidos.

49. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade, como queda recollido no decreto 229/2011 levarase a cabo adaptando a metodoloxía e os recursos pedagóxicos ás características dos alumnos. Se é preciso reforzaranse as clases con exercicios e explicacións personalizadas.

Adaptaranse os obxectivos e contidos da materia as capacidades de cada alumna e alumno. Tamén teranse en conta as diferentes inquietudes, culturas e sensibilidades do alumnado como fonte de enriquecemento.

A programación de Debuxo técnico e Educación Plástica, Visual e Audiovisual pode presentar problemas de comprensión en algúns aspectos que presentan alto nivel de visión espacial e dificultades en canto ao nivel de comprensión-execución.

Temos en conta que non todos os alumnos asimilan ao mesmo tempo os contidos tratados, nin teñen as mesmas habilidades. A programación debe prestar oportunidades de recuperar o non adquirido no seu momento (aínda que isto supoña tamén para o alumno un traballo extra), podendo retomar os conceptos básicos para garantir a comprensión conceptual.

Na medida do posible terase en conta o punto de partida de cada un, as súas dificultades e súas capacidades, pero sen esquecer o nivel no que están e que a materia é fundamental na súa formación. Para adecuarse ás características diferenciais do alumnado compre utilizar recursos metodolóxicos diversos:

- Presentar os contidos por diferentes vías: de forma oral e visual, empregando tamén material exterior á aula.
- Realizar actividades de introdución, motivación, detección de coñecementos previos, desenvolvemento, síntese, resúmen, consolidación, reforzo, ampliación, avaliación e recuperación.
- Agrupamento segundo actividade.
- Materiais diversos: libros de texto, de consulta, de lectura, presentacións, fotocopias, vídeos.....
- Potenciaremos as condutas de traballo, construtivas, respectuosas co grupo mediante reforzos positivos que axuden a manter ese ambiente de traballo.

As actividades de reforzo están especialmente contempladas para o alumnado con dificultades, que precisa repasar e traballar conceptos, aplicar técnicas e afianzar destrezas. No caso de alumnado con dificultades especiais, seguirase o criterio e consellos dados polas responsables do departamento de Orientación do centro, quen nos suxerirán exercicios e metodoloxías axeitadas e adaptadas ao seu nivel.

Durante o primeiro mes de curso tratase ademáis de localizar aqueles alumnos que, aparentemente, teñan dificultades en seguir o normal desenvolvemento da materia.

Ao longo da primeira avaliación farase un seguimento específico a estes alumnos, consultando co resto dos profesores do curso e co titor.

En casos especialmente graves, tratarase o tema co Departamento de Orientación.

Seguirase o protocolo proposto pola Consellaría de Educación para cada tipo de diversidade. Teranse en conta as suxestións do Grupo de traballo da CIUG de cara a preparar a proba ABAU.

50. Concreción dos elementos transversais

Os temas transversais son contidos que deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais para un bo desenvolvemento persoal e social. De carácter xeral trateremos de reflectirlos na actitude, no traballo na clase, na formación de grupos, nos debates, nas intervencións e directrices do profesor, etc.

Educación do consumidor: É necesario que o alumnado valore a importancia dun consumo crítico e responsable, propoñendole actividades nas que poida facer unha valoración crítica e responsable sobre as ofertas comerciais, e analizar o fenómeno da publicidade.

Educación ambiental: Proponer actividades para chamar a atención sobre a necesidade dunha utilización responsable dos recursos naturais, sinalando a necesidade de conciliar o desenvolvemento humano e o respecto ao medio ambiente, por exemplo, fomentando o reciclaxe.

Educación para á igualdade de ámbolos dous sexos : Debatir sobre as conductas e hábitos sexistas que, acotío, obsérvanse en moitos ámbitos (igualdade de oportunidades, de retribucións, as cifras do para feminino...) mostrando a necesidade por parte de todos de cobatelas e eliminalas e estimular o dialogo como maneira de expresión e valorar a importancia deste como medio de resolución de conflitos.

Educación para a paz: Fomentar o dialogo como medio para a resolución de conflitos, mostrarse flexible para modificar o propio punto de vista na solución de problemas, respectar as opinións e os traballos alleos e identificar a función que cumpre a arte e a cultura na sociedade.

Educación para a convivencia: Promover a idea de igualdade e de xusticia, non esquecer a importancia de ser tolerantes cas persoas diferentes e valorar la necesidad de compartir cos demais.

Educación multicultural: Facer ver a importancia da transmisión dos coñecementos e contidos do saber ao longo dos séculos dunhas culturas a outras e transmitir o respecto as demais culturas e mostrar a forma na que os coñecementos destas enriquece a nosa propia cultura.

51. Actividades complementarias e extraescolares

As actividades extraescolares organizaranse ao longo do curso e reflectiranse na memoria de final de curso, aínda que é posible que a situación de alerta sanitaria non nos permita facer ningunha ou moi poucas.

As actividades extraescolares realizadas nos cursos anteriores foron as seguintes:

- Visitas a museos e a exposicións puntuais que sexan do interese do grupo, especialmente aquelas dirixidas aos alumnos de secundaria con visitas guiadas e talleres didácticos.
- Exposicións periódicas dos traballos na propia aula dos alumnos e exposición de fin de curso cunha selección das obras mais interesantes. Cando sexa posible esta exposición terá carácter didáctico con apoio de paneis explicativos sobre os contidos traballados e os procedementos e técnicas utilizadas.
- Participación con outros departamentos, coa biblioteca, con normalización lingüística en diferentes actividades e tamén co Consello e asociacións do mesmo.
- Participación na Semana Cultural: organizando o concurso do cartel anunciador e con algunha actividade cos alumnos organizada polo departamento.

52. Contribución ao Proxecto Lector

O Departamento de Educación Plástica Visual e Audiovisual desexa participar no desenvolvemento do proxecto lector do Centro e, por iso, ofrece as horas lectivas das súas materias que se estimen oportunas para a consecución de dita empresa.

A nosa intención é que o alumnado se acerque dunha forma natural e “non forzada” á lectura; que sinta a satisfacción que xorde da actividade de ler non so sobre temas científicos senón de calquera temática.

As lecturas recomendadas para o bacharelato, e das que dispoñemos exemplares na biblioteca son as seguintes:

Cómics:

- **La casa azul.** Tyto Alba. Astiberri Ediciones
- **Marcel Duchamp.** François Olislaeger. Ed. Turner.
- **Las meninas.** Javier Olivares, Santiago García. Astiberri Ediciones. **(Premio a la mejor obra española en el Salón Internacional del Cómic de Barcelona 2015).**
- **CARA O CRUZ.** Lou Lubie. NORMA Editorial.

Películas:

- o **El loco de pelo rojo.** *Película dirixida en 1956 por Vincente Minnelli.*
- o **La joven de la perla.** *Película dirixida en 2003 por Peter Webber.*
- o **La hora de los valientes.** Película española dirixida en 1998 por Antonio Mercero

53. Contribución ao Plan de integración das TICs.

Os membros do Departamento utilizan a aula virtual do centro para “colgar” nela os apuntes das materias, material complementario, recursos didácticos, etc; deste modo o alumnado pode descargar desde a súa casa (vía internet) todo o material necesario para preparar a materia (apuntes, caderno de traballos, enlaces a páxinas web, etc).

Do mesmo modo, tamén poden consultar as notas dos exames.

Na páxina web do centro e dentro do apartado do Departamento de Educación Plástica Visual e Audiovisual o alumnado e familias terán a posibilidade de consultar a programación do Departamento.

Na aula hai 9 ordenadores para traballar as láminas do curso en QCAD. Teñen conexión a internet para os seus traballos.

En todo momento intentaremos o uso das TICs para o noso traballo na aula e na casa.

54. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Dado que a programación é un documento vivo, e dicir que se debe ir modificando para adaptalo á realidade do curso, é necesario facer unha avaliación da mesma para saber que modificacións poderían melloralas.

Durante todo curso avaliarase a programación do seguinte xeito:

- Nas reunións de departamento farase unha análise e avaliación do desenvolvemento da programación didáctica ata ese momento, tendo en conta o grao de cumprimento da programación, dificultades atopadas e medidas adoptadas. Deixarase reflectido na acta da reunión.
- A partir da aplicación na aula da programación didáctica, o/a profesor/a analizará a adecuación da programación didáctica ao contexto da clase e a consecuencia desta análise estableceranse as medidas de mellora que se consideren oportunas.

- Despois de cada avaliación realizarase unha análise dos resultados obtidos, podendo derivarse de estes modificacións na programación que quedarán reflectidas nas actas de departamento e na memoria final de curso.
- Tras a aplicación total da programación, cando se teña unha mellor perspectiva completarase cos resultados das avaliacións interna e externa do alumnado.

Será necesario comprobar polo menos os seguintes aspectos:

- Adecuación da materia de cada unidade didáctica ao tempo programado.
- Adecuación dos exercicios programados, tanto en canto á cantidade, como en canto á gradación na dificultade dos mesmos.
- Valorar o grao de participación nas distintas tarefas por parte do alumnado.
- Valorar o grao de adquisición dos coñecementos por parte do alumnado e, en caso de parecer insuficiente, estudar os motivos e propoñer medidas para remedialo (exercicios de reforzo, ampliación, recuperación, maior afondamento nas explicacións, ampliación do tempo dedicado ...)

A información obtida permitirá, se fose necesario, reconducir e mellorar a programación, os seus procesos de aplicación e os resultados da súa posta en marcha.

55. Información e publicidade

Os primeiros días do curso académico os alumnos matriculados no departamento de Plástica serán debidamente informados dos obxetivos, contidos, contidos mínimos exixibles, criterios de avaliación..... (facendo incidencia nos diferentes tipos de contidos, e as súas porcentaxes na nota da avaliación), así como da importancia de manter os principios de educación e respecto hacia os compañeiros, o profesor e os materiais da aula.

- **Información ao alumnado e ás familias:** Utilizarase a páxina web do instituto para colgar a programación de tódalas materias que imparte o departamento, de modo que tanto o alumnado como as familias teñan acceso inmediato a elas.
- **Publicidade:** Na páxina web do centro, no apartado Departamentos, estará a disposición de alumnado e familias esta programación.

56. ANEXO I. Rúbricas e listas de control

Rúbrica para avaliar un traballo técnico

CATEGORÍA	NIVEL			
	1	2	3	4
Datos, procedementos, resultados (70%)	Datos, procedementos, solucións insuficiente.	O exercicios teñen os pasos, procedementos e as solucións xustas.	O exercicios teñen os datos, pasos, e procedementos, pero non todas as solucións e só algún método.	O exercicios teñen correctamente os datos, pasos, e procedementos e todas as solucións e varios métodos.

Formato, centrado, normas UNE. (15%)	Formato, centrado e normas UNE: no usa o formato adecuado, nin centra os exercicios, nin respecta as normas UNE.	Formato, centrado e normas UNE: dous de estes puntos non corresponde a o uso deles de forma correcta.	Formato, centrado e normas UNE: unde estes puntos non corresponde a o uso deles de forma correcta.	Formato, centrado e normas UNE, correcto.
Organización do traballo. Presentación. Limpeza. (10%)	Non organiza o traballo, a presentación e a limpeza é insuficiente.	dousde estos tres puntos non corresponde a o uso deles de forma correcta.	Un de estos tres puntos non corresponde a o uso deles de forma correcta.	Organización do traballo e presentación en carpeta ou archivador con nome, e limpeza correctas e de calidade.
Redacción. Epígrafes. (5%)	Moitos erros de gramática, ortografía ou puntuación. O traballo non leva o seu nome	Poucos erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Case non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación.

Rúbrica para avaliar un traballo plástica

NIVEL

CATEGORÍA	1	2	3	4
Apuntes, bosquejos, plantexamento e resolución do traballo. (70%)	O traballo en apuntes e bosquejos insuficiente.O resultado e insuficiente, o proceso creativo moi insuficiente.	O traballo en apuntes e bosquejos é moi xusto.O resultado e correcto, pero o proceso creativo moi floxo.	O traballo esta completo pero non ten variedade de apuntes, bosquejos. O resultado e correcto, pero o proceso creativo floxo.	O traballo esta completo e con variedade de apuntes, bosquejos e un resultado de moita calidade. (Proceso creativo completo)
Uso de materiais e recursos adecuados para a resolución do traballo.(15%)	O formato, materiais, recursos e resolución do traballo plantexado é insuficiente.	O formato, materiais, recursos suficientes e apropiados para a resolución do traballo plantexado	O formato, materiais, recursos variados e apropiados para a resolución do traballo plantexado.	O formato, materiais, recursos son moi variados e apropiados para a resolución do traballo plantexado.
Organización do traballo. Presentación e Limpeza.(10%)	Presentación en carpeta, coa etiqueta e personalización, non correcta ou falta. Organización e limpeza insuficiente.	Presentación en carpeta, coa etiqueta e personalización. Organización e limpeza suficiente.	Presentación en carpeta, coa etiqueta e personalización. Organización e limpeza correctas .	Presentación en carpeta, coa etiqueta e personalización moi traballada. Organización e limpeza moi traballado .
Redacción. Epígrafes. (5%)	Moitos erros de gramática, ortografía ou puntuación	Poucos erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Case non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación.	Non hai erros de gramática, ortografía ou puntuación.

Rúbrica para avaliar unha exposición oral

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
Adecuación e distribución de contidos (25 %)	Non expón a maioría das ideas principais nin os detalles.	Expón gran parte das ideas principais con bastante orde e aporta algúns detalles do tema.	Expón as ideas principais de xeito bastante coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.	Expón as ideas principais de xeito coherente e cohesionado aportando detalles relevantes do tema.
Vocabulario (25 %)	Utiliza un vocabulario moi limitado con repeticións de palabras inadecuadas.	Utiliza un vocabulario limitado e hai algúns erros de termos axeitados.	Utiliza un vocabulario bastante amplo e axeitado, con poucos erros.	Utiliza un vocabulario amplo e axeitado.
Expresión formal (25 %)	Comete abundantes erros morfosintácticos e a fonéticos.	Ocasionalmente comete erros morfosintácticos e a fonéticos.	Comete poucos erros morfosintácticos e a fonéticos.	Respecta as regras morfosintácticas e a fonética.
Voz e linguaxe non verbal (25 %)	Fala con moi pouca claridade. A expresión corporal resulta inadecuada. Utiliza deficientemente as TIC para as presentacións.	Fala con voz audible, mais con erros na pronuncia e na entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal ás veces pouco axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.	Fala con voz audible, non sempre con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal bastante axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.	Fala con voz claramente audible, con boa pronuncia e entoación adecuada. Mantén unha expresión corporal axeitada (xestos, mirada). Utiliza as TIC para as presentacións.

Rúbrica expresión escrita

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
Coherencia (25 %)	Estrutura textual sen continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información desorganizada.	Existe un erro puntual na estrutura textual e outro na progresión da información.	Existe un erro puntual na estrutura textual ou na progresión da información ou na correcta organización en parágrafos.	Estrutura textual con continuidade temática (introdución, desenvolvemento e conclusión) e información progresiva. Correcta organización en parágrafos.
Cohesión (25 %)	Existen máis de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores de discurso, pronomes, conxuncións...) e nos signos de puntuación.	Existen un máximo de oito erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores de discurso, pronomes, conxuncións...) e nos signos de puntuación.	Existen un máximo de catro erros en total no uso dos conectores (sinónimos, marcadores de discurso, pronomes, conxuncións...) e nos signos de puntuación.	Información ben enlazada tanto por conectores gramaticais como léxicos. Uso correcto dos signos de puntuación.
Rexistro (25 %)	Existen máis de dez erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas.	Existen ata un máximo de dez erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas.	Existen ata un máximo de seis erros na escolla lexical ou gramatical en relación ao proceso comunicativo con presenza de estruturas gramaticais e léxicas.	Adecuación lexical e gramatical ao proceso comunicativo. Variedade de estruturas gramaticais.
Corrección (25 %)	Existen máis de sete erros.	Existen un máximo de sete erros.	Existen un máximo de tres faltas de ortografía.	Correcto dominio da ortografía en palabras, sintagmas e oracións. Corrección gramatical nas construcións sintácticas e escollas morfolóxicas.

RÚBRICA TRABALLO EN GRUPO

CATEGORÍAS	NIVEL			
	1	2	3	4
Participación construtiva (25 %)	Nunca ou case nunca participa activamente nas tarefas do grupo; tampouco fai que os demais membros participen de forma construtiva.	Habitualmente participa de forma máis ou menos activa nas tarefas do grupo e a súa participación adoita ter como finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Adoita participar activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten habitualmente como finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo pode conseguir que os demais membros participen de forma construtiva.	Participa activamente nas tarefas do grupo e a súa participación ten como finalidade o éxito global do grupo; ao mesmo tempo consegue que os demais.
Colaboración, cooperación e solidariedade (25 %)	Na maioría dos casos non colabora co resto dos membros do grupo, non coopera con eles nas tarefas do traballo e non amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Con certa frecuencia colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e ás veces amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Habitualmente colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e adoita amosar solidariedade con aqueles que atopan dificultades.	Colabora co resto dos membros do grupo cooperando con eles nas tarefas do traballo e amosa solidariedade con aqueles que atopan dificultades.
Respecto e tolerancia (25 %)	Poucas veces ou nunca amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e non intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non	Con frecuencia amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e ás veces intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.	Adoita amosar respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e na maioría das ocasións intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non	Amosa respecto polo traballo e polas opinións dos outros membros do grupo e intenta solucionar os posibles conflitos que puideran xurdir e que non puido evitar.

	puido evitar.		puido evitar.	
Compromiso, integridade e tolerancia (25 %)	Non acostuma implicarse nos obxectivos do grupo de traballo, nin compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e pode non ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Implicase con frecuencia nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	A maioría das veces implícase nos obxectivos do grupo de traballo, adoita compartir o seu coñecemento e información co resto dos membros e adoita ser honesto e responsable na súa aportación ao grupo.	Implicase nos obxectivos do grupo de traballo, comparte o seu coñecemento e información co resto dos membros e é honesto e responsable na súa aportación ao grupo.

RÚBRICA APRENDER A APRENDER

	NIVEL			
CATEGORÍAS	1	2	3	4
Seleccionar a información (25 %)	Copia literalmente a información sen traballar na súa selección.	Discrimina información útil pero non a traballa de criticamente.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica pero nona relaciona con outros apartados.	Discrimina información útil, trabállaa de forma crítica e relaciónaa con outros apartados.
Esquematizar e organizar (25 %)	Ten dificultades para organizar e xerarquizar a información.	Parte da información non está ben organizada e xerarquizada e omite algún dato.	Organiza e xerarquiza con bastante corrección pero permitindo algún dato.	Dálle forma ao esquema, recoñece os contidos básicos e organizaos e xerarquízaos de forma axeitada.
Disertar sobre traballos propios	Mostra desinterese polo tema e desenvólveo sen estrutura clara	Elabora unha disertación suficientemente estruturada e argumentada, con algunha	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións bastante ben estruturadas e	Medita sobre as repercusións do tema e elabora disertacións ben estruturadas e

e alleos (25 %)	e escasamente argumentado.	opinión persoal.	argumentadas, aportando algunhas opinións persoais.	argumentadas, aportando opinións persoais.
Avaliación do traballo propio e alleo (25 %)	Non é quen de avaliar o traballo propio nin o alleo.	Avalía o traballo propio e alleo a través de xuízos simples, sen aportar explicacións convincentes.	Avalía criticamente o traballo propio e alleo máis ás veces non recoñece erros relacionados coa redacción deficiente, pobreza léxica, coherencia, argumentacións...	Avalía criticamente o traballo propio e alleo analizando fortalezas e deficiencias do mesmo.

Rúbrica para avaliar presentacións

CATEGORÍA	1	2	3	4
Portada e título (5%)	A portada e o título non se axustan ao contido da presentación.	A portada e o título axústanse suficientemente ao contido da presentación.	A portada e o título axústanse ben aos contidos da presentación. O título é atractivo..	A portada e o título axústanse moi ben aos contidos da presentación. O título é suxestivo e moi creativo.
Índice (5%)	No índice non aparecen os aspectos principais do tema investigado.	No índice aparecen os apartados suficientes do tema investigado.	No índice aparecen ben reflectidos todos os apartados do tema investigado.	No índice aparecen moi ben reflectidos todos os apartados do tema investigado.
A presentación. (5%)	Non se respecta o índice.	Respecta suficientemente o índice.	Respecta ben o índice.	Respecta moi ben o índice.

A información (40%)	En moitos casos é desordenada e incoherente. Non hai relación entre imaxe e texto.	É suficientemente ordenada e coherente. Algunhas veces, non existe relación entre o texto e a imaxe	Aparece ordenada e, na súa maioría é coherente. Case sempre existe relación entre o texto e a imaxe.	Aparece moi ben ordenada, é coherente. Existe unha gran relación entre texto e imaxe.
O texto(10%)	Non resume a información esencial.	Resume suficientemente a información esencial.	Resume ben a información esencial. información esencial.	Resume moi claramente a información esencial. .
O nivel lingüístico (20%)	Non resume a información esencial	Resume suficientemente a información esencial	Resume ben a información esencial.	Está moi ben adaptado ao nivel da audiencia.
Outros recursos (10%)	Presentación pobre en imaxes, e sen direccións de Internet nin vídeos. Se aparecen, non teñen relación co tema ou son de calidade insuficiente.	Na presentación, aparecen imaxes, direccións de Internet e vídeos relacionados co co tema.	Na presentación, aparecen, suficientes imaxes de calidade, direccións de Internet fiábeis e vídeos relacionados co tema.	Na presentación, aparecen, na cantidade xusta, imaxes de calidade, direccións de Internet fiábeis e vídeos relacionados co tema.
A ortografía (5%)	Existen importantes erros ortográficos.	A ortografía é suficientemente boa pero hai algún erro ortográfico.	A ortografía é boa. Falta algún acento.	Non existen erros ortográficos.

Rúbrica para avaliar unha investigación estandar

CATEGORÍAS	NIVEL				
	1	2	3	4	5
Presentación (5 %)	Empeza a súa exposición sen facer unha presentación inicial.	O alumno preséntase sen dicir o seu nome e menciona o tema de forma moi xeral.	O alumno preséntase de forma rápida e comeza a súa exposición sen mencionar o tema de que se trata	O alumno preséntase de forma rápida e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.	O alumno preséntase de xeito formal e dá a coñecer o tema da presentación e o obxectivo que pretende.
Expresión oral (10 %)	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir con claridade as súas ideas.	Manexa un vocabulario moi básico e ten problemas para transmitir con claridade.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	O vocabulario é adecuado e a exposición é clara.	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é coherente.
Explicación do plan de traballo (10 %)	Non identifica os pasos que deu nin é capaz de reconducir o discurso d forma guiada.	Presenta dificultade á hora de diferenciar os pasos que deu e necesita axuda para explicalos con claridade.	Explica todos os pasos claramente, pero liouse na orde e foi necesario reorganizalo a través de preguntas.	Explica todos os pasos claramente, pero liouse un pouco coa orde.	Explica cada paso con detalle, con lóxica e cronoloxicamente na orde na que se realizou.
Recursos didácticos (10 %)	Sen soporte visual.	Soporte visual non adecuado.	Soporte visual adecuado.	Soporte visual adecuado e interesante na súa xusta medida.	A exposición acompáñase con soportes audiovisuais en diversos formatos, especialmente atractivos e de moita calidade.
Tempo (5 %)	O alumno esqueceu por completo o tempo que tiña e saíu do tema.	Excesivamente longo ou insuficiente para poder desenvolver o tema	O alumno utilizou o tempo adecuado pero faltoulle cerrar a súa presentación; ou ben non	O alumno utilizou o tempo axustado ao previsto pero cun final precipitado ou	O alumno utilizou o tempo adecuado e cerrou correctamente a

		correctamente.	utilizou o tempo adecuado, pero incluíu todos os puntos da súa presentación.	excesivamente longo por falta de control do tempo.	súa presentación.
Inclusión dos aspectos relevantes (60 %)	Non expón o traballo nin coñece os conceptos traballados necesarios para a súa realización.	Ten dificultade para expoñer o traballo porque non entende os coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non o relaciona cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo, pero non relaciona toda a exposición cos coñecementos traballados.	Expón claramente o traballo e achega referencias aos coñecementos traballados.

Lista de control sobre a caderno de apuntes/caderno artista

	SI	NON
Os apuntamentos están organizados e ordenados.		
Ten información de todos os temas e preguntas tratados.		
A información está ben organizada con parágrafos ben redactados.		
Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación.		
Os debuxos/trazados están ben construídos, ordenados e contribúen á comprensión do exercicio/tema.		

Ten bocetos para os traballos (procesos creativos)		
Ten bocetos do natural e varios		

57. ANEXO II. PLAN DE CONFINAMIENTO

- Ao inicio de curso, cada titor/a elaborará unha lista dos problemas de seguimento telemático da súa titoría, que remitirá posteriormente a Xefatura de Estudos.
- A Dirección buscará solucións vinculadas á fenda dixital localizada en cada curso.
- Cada profesor/a deberá poñer en funcionamento a súa aula virtual nos primeiros días do curso asegurándose de que todos os seu alumnado estea matriculado.
- Cada titor/a dará unha explicación básica aos seus titorandos sobre o funcionamento da aula virtual, simplemente a través do ordenador e a pizarra dixital.
- A aula virtual será o punto de encontro para toda a actividade lectiva. Non obstante, cada profesor/a é libre de empregar calquera outro recurso telemático. Nese caso, sempre deberá deixar constancia no seu espazo da aula virtual. Todo o alumnado poderá empregar a aula virtual como medio informativo sobre cales son as canles escollidas polos docentes para o desenvolvemento da súa función.
- Cada profesor/s proporcionará a debida información, nos primeiros días do curso, a todo o seu alumnado, de cal será o tratamento a tódolos niveis da súa materia en caso de confinamento. Esta información é a maiores da recollida polo departamento na correspondente programación didáctica.
- Cunha periodicidade semanal, cada profesor/a deberá enviar ao titor/a dos seus grupos, un pequeno informe cos aspectos fundamentais do seguimento da súa materia no seu grupo. Por exemplo:

CURSO:		TITOR:	
MATERIA:			
PROFESOR/A:			
SEMANA:			
NOME		SITUACIÓN	
		Non se conecta Non entrega as tarefas Di que ten fallos de conexión	

- O titor/a recopilará e gardará os informes de cada profesor/a semanalmente e se detecta algunha desconexión significativa deberá porse en contacto coa familia (por teléfono ou correo electrónico) e transmitirá esa información á Xefatura de estudos por si tivera que actuar.
- Actuación ante casos de NEE:
 - O profesor/a preparará material escrito e adaptado, facéndoo chegar ao titor/a.
 - O titor/a recopilará este material do alumno/a e trasladarao ao equipo directivo.
 - O equipo directivo imprimirao e farallo chegar ás familiar (a través de protección civil, policía...).
 - Todo isto farase cunha periodicidade quincenal.
 - As familias, na medida do posible, achegarán o material cuberto ao instituto. No caso de ser absolutamente imposible este desprazamento, recollerase o material polo mesmo medio polo que se lles enviou.
 - O traballo recollido ffaráselle chegar ao profesorado a través do correo electrónico.
- Cada profesor/a será responsable de xestionar o seu traballo telemáticamente.
- Cada profesor/a velará por que os seus cursos virtuais estean operativos na primeira semana de outubro e asegurarse de que todo o seu alumnado sabe usar a aula virtual.

- Cada profesor/a proporcionará, nas primeiras sesións de clase ao seu alumnado, toda a información necesaria relativa a súa materia que garante un correcto seguimento da mesma en caso dun escenario de ensinanza telemática, con especial atención a aqueles en risco de desconexión dixital.

En Ribeira, a 15 de setembro de 2021

Asdo: Ana Belén González García

Xefa de Departamento